



Estimadas familias:

Na última asemblea de Socios da APA *Parque de Belona* algúns/algunhas pais/nais manifestáronnos o seu interese sobre a implantación de uniforme escolar optativo no centro.

Puxemos en marcha un cuestionario a todas as familias de alumnos (socios e non socios) para coñecer a vosa opinión ao respecto.

En primeiro lugar queremos deixar claro que a APA é soamente unha vía para canalizar dita inquietude, **sen estar de acordo nin en desacordo coa proposta**. De feito, dentro da Xunta Directiva temos opinións diferentes e é por iso que queremos que de forma respectuosa todos podamos expresar a nosa opinión ao respecto.

Detalles da consulta:

- O prazo de entrega do cuestionario será entre **o 11 e o 22 de abril de 2016**.
- Soamente se cumprimentará un cuestionario por familia.
- Para considerar que existe un desexo de implantación de uniforme, deberán así manifestalo un 75% das familias preguntadas.
- O cuestionario será tomado en conta se a responde ao menos un 75% das familias do centro (socios e non socios da APA).
- Se o resultado da consulta é afirmativo, o Consello Escolar deberá ratificalo.
- En todo caso o uniforme será de CARÁCTER OPTATIVO.
- A consulta non pode ser anónima para poder asegurar a fiabilidade desta, polo que o cuestionario deberá ser totalmente cumprimentado. Garantirase a confidencialidade dos datos e opinións con respecto ao uso do uniforme escolar.
- A opinión expresada no cuestionario NON é vinculante, é dicir, non se obrigará a ninguén a seguir o que manifestara no mesmo. De todos os modos rogamos **COHERENCIA NAS RESPOSTAS**.
- Unha vez cumprimentado o cuestionario, podédelo entregar ao tutor dos vosos fillos, nas nosas oficinas ou mandar correo electrónico a *parquebelona@gmail.com*.
- Terminado o prazo da sondaxe, e realizado o recuento de votos, procederase a informar as familias do resultado obtido e de qué pasos se seguirán a continuación.

Desexamos destacar a importancia da vosa participación, xa que desde a Xunta directiva da APA o que se quere é que a decisión, sexa tomada pola maioría das familias con fillos no centro.

Moitas grazas pola vosa colaboración.

CUESTIONARIO SOBRE A IMPLANTACIÓN DE UNIFORME ESCOLAR OPTATIVO NO CEIP CURROS ENRIQUEZ

NOME DO(S) MENOR(ES) QUE ACUDEN ACTUALMENTE AO COLEXIO:

_____ CURSO _____

_____ CURSO _____

_____ CURSO _____

ESTARÍA INTERESADO/A EN QUE OS/AS SEUS/SÚAS FILLOS/AS TEÑAN A POSIBILIDADE DE UTILIZAR UNIFORME ESCOLAR?

SI

NON

(RODEAR OPCIÓN ELIXIDA)

POR FAVOR ENTREGUE O CUESTIONARIO DEBIDAMENTE CUMPRIMENTADO AO TUTOR DO SEU FILLO/A, NAS NOSAS OFICINAS DA APA, OU ENVÍEA A parquebelona@gmail.com

HORARIO APA

MARTES DE 9:00-10:00Hs

MÉRCORES DE 16:00 -17:00hs